

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA REPARACIÓN DE SOLADOS, ACCESIBILIDADE E PECHES DO COMPLEXO DE PISCINAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN MILLADOIRO E OUTRAS. PAS 2015

Na Casa Consistorial de Ames sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día trece de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto das obras de "Reparación de solados, accesibilidade e peches do complexo de piscinas públicas municipais en Milladoiro e outras".

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Concepción Vilas Cantelar secretaria accidental da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Secretaria: Dona Isabel Quintáns Ríos, auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores. Durante o prazo de presentación aberto para os licitadores, que rematou o día 30 de novembro, presentaron ofertas vinte e cinco empresas.

A continuación procédese á apertura do sobre "A" nomeado "documentación administrativa" resultando o seguinte:

EMPRESA	DECLARACION RESPONSABLE	% SUBCONTRATACIÓN	DATOS CONTACTO	DE	DECLARACIÓN TRABALLADORES	COMPROMISO ADSCRICIÓN MEDIOS
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	SI	SI	SI		SI	SI
TARRIO Y SUÁREZ SL	SI	SI	SI		SI	SI
OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	SI	SI	SI		SI	SI
CONSTRUCCIONES OÑIAL SL	SI	SI	SI		SI	SI
ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL	SI	SI	SI		SI	SI
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	SI	SI	SI		SI	SI
CYS HISPANIA SL	SI	SI	SI		SI	SI
OBRAS VIALES DE GALICIA SL (OVIGA SL)	SI	SI	SI		SI	SI
OBRAS G NOVOA SL	SI	SI	SI		SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL	SI	SI	SI		SI	SI
OBRAS GALLAECIA SL	SI	SI	SI		SI	SI
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	SI	SI	SI		SI	SI
FERNANDES DE MIRANDA INMOBILIARIA SL	SI	SI	SI		SI	SI
2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	SI	SI	SI		SI	SI
EXCAVACIONES	SI	SI	SI		SI	SI







MIDÓN SL					
COVIASSTEC SL	SI	SI	SI	SI	SI
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	SI	SI	SI	SI	SI
NORTEMAR SL	SI	SI	SI	SI	SI
CONSTRUCCIONES VILLA Y SAMBADE SL (COVISAM SL)	SI	SI	SI	NO	SI
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	SI	SI	SI	SI	SI
SERGONSA SERVICIOS SL	SI	SI	SI	SI	SI
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL	SI	SI	SI	SI	SI
OBRAS Y SANAMIENTOS GALICIA SL	SI	SI	SI	SI	SI
OBRAS Y VIALES CERNE SL	FÓRA DE PRAZO	FÓRA DE PRAZO	FÓRA DE PRAZO	FÓRA DE PRAZO	FÓRA DE PRAZO
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL	SI	SI	SI	SI	SI

En primeiro lugar dáse conta de que a empresa Obras y Viales Cerne SL presentou a súa oferta fóra de prazo, xa que a súa proposición ten rexistro de entrada de data 1 de decembro de 2016 e número 11974 e o prazo aberto para que as empresas presentaran as súas ofertas neste procedemento de licitación remataba o día 30 de novembro de 2016. Advírtese que a empresa Obras y Viales Cerne SL no adiantou, como así se estipula nos pregos que serven de base para a contratación, mediante fax, que ía a presentar a súa oferta a través da presentación do pertinente resguardo, da oficina de correos, para deixar constancia de que a proposta estaba presentada en prazo.

A mesa de contratación despois de estudar a documentación presentada no sobre A polas distintas empresas licitadoras advirte que algunha delas (concretamente Construcciones Villa y Sambade SL (COVISAM SL) non presenta o modelo denominado "certificado sobre traballadores con discapacidade", como así se estipula no apartado 12.1 do prego que serve de base para a licitación.

Á vista do exposto a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- a exclusión do procedemento da empresa Obras y Viales Cerne SL por presentar a súa proposta fóra do prazo establecido para elo.

Segundo.- Dirixir escrito vía fax ás empresas que non presentan o modelo denominado "certificado sobre traballadores con discapacidade" concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que acheguen ante a mesa de contratación a documentación requirida.

Terceiro.- Unha vez sexa presentada, polas empresas, a documentación xustificativa requirida, a mesa de contratación reunirse novamente para proceder á apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas das empresas admitidas na licitación.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e dez minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.



Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



